



Concello de  
**OURENSE**

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE DECEMBRO DE 2018

**Mesa de Contratación.** Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Ana María Fernández Morenza (presidenta)  
Gonzalo Alonso Álvarez (vogal)  
Juan Ramón Costas Núñez (vogal)  
Carlos Javier Fernández Fernández (vogal): soamente expte 2018020693 e 2018019159  
José Javier Rivera Martínez (secretario)

Previa convocatoria ao efecto, reúnese a Mesa de contratación, ás 09:30 horas do 14/12/2018, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

“1. Apertura pública do sobre único, documentación administrativa y económica, cualificación da documentación e, no seu caso, clasificación das ofertas e proposta de adxudicación correspondente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE SERVIDORES E CABINAS DE ALMACENAMENTO DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018019159)

2. Apertura pública do arquivo electrónico “B”, criterios avaliados automaticamente mediante a aplicación de fórmulas, cifras ou porcentaxes e, no seu caso, proposta de ordenación decrecente, correspondente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO ORDINARIO DA SUBMINISTRACIÓN EN LOTES DA RENOVACIÓN E MANTEMENTO DE DIVERSAS LICENZAS DE SOFTWARE DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018020693)

3. Comprobación da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos e da constitución da garantía definitiva e, no seu caso, proposta de adxudicación, correspondente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACION POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA SUBMINISTRACIÓN DE CARROZAS E SERVIZOS AUXILIARES PARA A CABALGATA DE REIS 2019 DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018022915)

— CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, VERIFICACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE PEZAS DE DOS EQUIPOS DE GRAN TIRADA DE COPIAS ASÍ COMO A SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMIBLES NECESARIOS (EXPEDIENTE: 2018004643).

4. Rogos e preguntas

5. Aprobación da acta da sesión”

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV: PAC60EMQYNT5AIIIM





Concello de  
**OURENSE**

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3  
32005-Ourense  
Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494  
e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

### CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE SERVIDORES E CABINAS DE ALMACENAMIENTO DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018019159)

Data de publicación PLACE: 14/11/2018, ás 13:31 horas  
Prazo de presentación de ofertas: 04/12/2018, ata as 14:00 horas  
Unidade de Contratación: Servizo de contratación  
Sobre único: Documentación Administrativa e económica  
Data de apertura de ofertas: 14/12/2018

Segundo consta na plataforma de licitación electrónica VORTAL na que se tramita o expediente conforme ao previsto na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas particulares, presentaron oferta para participar no expediente as seguintes empresas:

#### Procedimiento Abierto Simplificado (sobre único)

2018019159 (Ref. 2512) [\(En proceso de análisis\)](#) [Ver información completa](#)

Precio Base: 12.549,48 Euro | Descripción del objeto: Servicios


Unidad de Contratación: Servizo de Contratación

Servicio de mantenimiento de servidores y cabinas de almacenamiento del Ayuntamiento de Ourense

(Zona Horaria (UTC+01:00) Brussels, Copenhagen, Madrid, Paris)

Fecha límite de presentación de ofertas 04/12/2018 14:00:00 - Fecha de publicación 14/11/2018 13:50:00

Apertura 04/12/2018 14:05:00



#### TIMELINE

	✓ Fecha de publicación del procedimiento	✓ Fecha límite para la recepción de ofertas	✓ Apertura de ofertas
	14/11/2018 13:50:00	04/12/2018 14:00:00	04/12/2018 14:05:00

#### LISTA DE OFERTAS

⊕ Fase de apertura

Opciones ▾

Referencia de Oferta	Empresa	Cualificación	Enviado:	Valor
2512	COS GLOBAL SERVICE	Oferta en revisión	04/12/2018 13:37:39	12.549,48 Euro
Sentinel IT	SENTINEL IT, S.L.L.	Oferta en revisión	04/12/2018 10:44:53	7.080,30 Euro
20181203	ECONOCOM SERVICIOS, S.A.	Oferta en revisión	04/12/2018 10:08:46	6.066,00 Euro

Procédese á apertura pública de forma secuencial do arquivo electrónico do sobre único “documentación administrativa e económica” das empresas licitadoras, con acceso de cada un dos coñectores da Mesa á plataforma.

Non asiste público ao acto.

A secuencia de realización do procedemento de apertura queda recollida na plataforma de licitación VORTAL, tendo rematado a mesma ás 9:42 horas, segundo acredita a imaxe adxunta:

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV: PAC60EMQYNT5AIIIM





Concello de  
**OURENSE**

**SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

Praza do Trigo, nº 2 -3  
32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494  
e-mail: contratacion@ourense.es

**SOBRE ÚNICO**  
Oferta económica y documentación para valoración de criterios cuantificables de forma automática  
14/12/2018 9:42:12  
Abierto

**Cualificación de la documentación recibida**

**1 ECONDCOM SERVICIOS, S.A.** Pendiente  
Dentro del plazo | 04/12/2018 10:08:46  
OFERTA:20181203 [Recibo](#) | [Resumen de la propuesta](#) | [Causa de exclusión\(0\)](#) | [Notas\(0\)](#)  
VALOR:6.066,00 Euro  
Establecer como información admitida o excluida, para admitir o excluir al proveedor.

Lotes	Incluido en la oferta	Estado
Lot 1 - Lote 1. Servidores DELL	Sí	Pendiente
Lot 2 - Lote 2. Servidores IBM	Sí	Pendiente
Lot 3 - Lote 3. Servidor SUN	Sí	Pendiente

**2 SENTINEL IT, S.L.L.** Pendiente  
Dentro del plazo | 04/12/2018 10:44:53  
OFERTA:Sentinel IT [Recibo](#) | [Resumen de la propuesta](#) | [Causa de exclusión\(0\)](#) | [Notas\(0\)](#)  
VALOR:7.080,30 Euro  
Establecer como información admitida o excluida, para admitir o excluir al proveedor.

Lotes	Incluido en la oferta	Estado
Lot 1 - Lote 1. Servidores DELL	Sí	Pendiente
Lot 2 - Lote 2. Servidores IBM	Sí	Pendiente
Lot 3 - Lote 3. Servidor SUN	Sí	Pendiente

**3 COS GLOBAL SERVICE** Pendiente  
Dentro del plazo | 04/12/2018 13:37:39  
OFERTA:2512 [Recibo](#) | [Resumen de la propuesta](#) | [Causa de exclusión\(0\)](#) | [Notas\(0\)](#)  
VALOR:12.548,48 Euro  
Establecer como información admitida o excluida, para admitir o excluir al proveedor.

Lotes	Incluido en la oferta	Estado
Lot 1 - Lote 1. Servidores DELL	Sí	Pendiente
Lot 2 - Lote 2. Servidores IBM	Sí	Pendiente
Lot 3 - Lote 3. Servidor SUN	Sí	Pendiente

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda que se emita informe sobre a referida documentación administrativa e económica polo técnico do servizo de contratación.

**CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO ORDINARIO DA SUBMINISTRACIÓN EN LOTES DA RENOVACIÓN E MANTEMENTO DE DIVERSAS LICENZAS DE SOFTWARE DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018020693)**

Procédese á apertura pública por medios electrónicos do sobre 2 “oferta económica”, presentado polas empresas admitidas á licitación, non habendo público presente na sala. A secuencia de apertura, queda recollida na plataforma Vortal e conclúe ás 10:00 horas, tal e como se verifica na imaxe adxunta.

OFERTAS RECIBIDAS (4)	Flujos de Aprobación 1
1- COREMAIN, SLU Suministro licencias 30/11/2018 LOTE 5 2018020693	<input type="button" value="MOSTRAR DETALLES"/>
2- ASAC COMUNICACIONES, SL oracle ourense 04/12/2018	Flujos de Aprobación 2
3- NKE CAD SYSTEMS SL 2018020693 05/12/2018	<input type="button" value="MOSTRAR DETALLES"/>
4- DISPAL ASTUR, S.A. DISPAL ORENSE 05/12/2018	

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.  
Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>  
CÓDIGO CSV: PAC60EMOYNT5ALLM0

**SOBRE 2**  
Oferta económica y documentación para valoración de criterios cuantificables de forma automática  
14/12/2018 10:00:17  
Abierto





A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre as referidas ofertas económicas polo técnico do servizo de contratación.

**CONTRATACION POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA SUBMINISTRACIÓN DE CARROZAS E SERVIZOS AUXILIARES PARA A CABALGATA DE REIS 2019 DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018022915)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP)
- Prego de cláusulas administrativas particulares

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 26 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación da subministración de carrozas e servizos auxiliares para a Cabalgata de Reis 2019 do Concello de Ourense (expediente núm. 2018022915) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación criterios que dependen de xuízo de valor	Puntuación oferta económica	Total puntuación
1	CA Totality Group SLU	16 puntos	71,47 puntos	87,47 puntos
2	Carrofestas SL	8 puntos	75 puntos	83 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CA Totality Group SLU, para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación esixida na cláusula 15 do PCAP:

1— Documentación acreditativa da constitución da garantía definitiva, por importe de 1.071,07 €, equivalente ao 5% do prezo ofertado, excluído o IVE.

2— Póliza de Responsabilidade Civil por importe de, polo menos, 600.000 €, que cubra os posibles danos a terceiros derivados da execución deste contrato.





Concello de  
**OURENSE**

## **SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

3— Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos:

### 1. Capacidade de obrar.

1.1. Cando o licitador sexa unha persoa xurídica, mediante a presentación da escritura de constitución e de modificación, no seu caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil e do número de identificación fiscal (N.I.F.), cando a inscrición fose exigible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

1.2. Cando se trate de empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este requisito sexa existido pola lexislación do Estado respectivo.

1.3. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con certificación expedida pola Embaixada de España no Estado correspondente.

1.4. Se o licitador actúa en nome propio, mediante a presentación do Documento Nacional de Identidade (D.N.I.), ou equivalente do seu estado respectivo.

### 2.- Bastanteo de poderes.

No caso de que o licitador estea inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, non será necesaria a presentación do bastanteo de poder realizado na Asesoría xurídica do Concello de Ourense, cando dita representación conste debidamente inscrita.

No caso de que o licitador non estea inscrito no devandito Rexistro, os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen a unha persoa xurídica, deberán acompañar escrituras ou documentación acreditativa das facultades do representante debidamente bastanteada pola Asesoría Xurídica do Concello de Ourense. Para a obtención do bastanteo deben facer chegar á Asesoría Xurídica os seguintes documentos:

- DNI do representante.
- Documentación que acredite a capacidade da persoa xurídica e das facultades do representante da entidade para participar en licitacións públicas.
- Salvo que se trate de poderes especiais outorgados para o acto concreto da licitación, deberá constar a inscrición dos poderes no Rexistro Mercantil, en caso de sociedades.

### 3.- Habilitación empresarial ou profesional para a realización da prestación obxecto de contrato.

Se resulta legalmente exigible como condición de aptitude para contratar, deberá achegarse a documentación que acredite a correspondente habilitación empresarial ou profesional para a realización da prestación que constitúa o obxecto do presente contrato.





Concello de  
**OURENSE**

## **SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

Se o contrato está reservado a Centros Especiais de Emprego ou Empresas de Inserción, certificado oficial que acredite a súa condición como tales.

4.- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto sobre Actividades Económicas:

Alta referida ao exercicio corrente, ou último recibo, xunto cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado Imposto e, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

5.- Certificación administrativa de non existir débedas de natureza tributaria en período executivo con Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Ourense.

6.- Certificación administrativa, expedida por órgano competente, sobre o cumprimento das obrigacións da Seguridade Social e de estar ao corrente no pago das cotas e doutras débedas coa Seguridade Social.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CA Totality Group SLU, o 28/11/2018. A empresa achega a documentación requirida o 4 de decembro de 2018, a través da sede electrónica, dentro do prazo concedido.

Con posterioridade, fóra de prazo, achega o 11/12/2018 documentación relativa á solvencia técnica e económica.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CA Totality Group SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal procede facer as seguintes consideracións:

- 1.- Acredítase o depósito de fianza polo importe requirido en concepto de garantía definitiva.
- 2.- Acredítase a existencia de póliza de RC polo importe requirido para cubrir as posibles contingencias derivadas da execución deste contrato.
- 3.- Requisitos previos (art. 140 LCSP): Acredítase a capacidade de obrar, suficiencia do poder para representar á empresa, IAE e inexistencia de débedas.

En relación á solvencia financeira e técnica:

A empresa non chegou en tempo e forma a acreditación da solvencia financeira e técnica. Non obstante, trátase dun defecto emendable polo que é factible examinar a documentación achegada extemporaneamente.

O artigo 9 do PCAP dispón:





Concello de  
**OURENSE**

## **SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

“Acreditación da solvencia económica e financeira: De conformidade co disposto no artigo 87.1 apartado a) da LCSP, acreditarase mediante o volume anual de negocios no ámbito do contrato referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función da data de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

Requisitos mínimos de solvencia: Considerarase como volume de negocio mínimo, referido ao mellor exercicio dentro dos 3 últimos dispoñibles, a cantidade equivalente a unha vez e media o valor anual medio do contrato.

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Acreditación da solvencia técnica ou profesional: De conformidade co disposto no artigo 89.1 apartado a) da LCSP, acreditarase mediante unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo o tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Requisitos mínimos de solvencia: Será necesario ser adxudicatario, e prestado o servizo de deseño e produción de carrozas, de similares características ao contratado, nunha cidade de polo menos 80.000 habitantes durante este últimos tres anos, circunstancia sen a cal quedará excluído o candidato seleccionado.

A acreditación documental efectuarase mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

No que se refire á solvencia técnica acredítase o cumprimento do requisito cos certificados aportados do propio Concello de Ourense e Concello de Vigo.

No que se re refire á solvencia económica, non se achegan as contas anuais da empresa tal e coma se esixía no prego. Non obstante, tendo en conta que esta empresa foi a adxudicataria deste contrato o ano anterior e que achega certificado do Concello de Vigo para o deseño e produción das carrozas no ano 2018, por importe de 59.290 €, IVE incluído, o que supera con creces unha vez e media o valor anual medio do contrato, considérase igualmente acreditado dito requisito de solvencia.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.





Concello de  
**OURENSE**

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CA Totality Group SLU, de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 26 de novembro de 2018 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 14 do PCAP.

En base ao que antecede, a Mesa de Contratación formula a seguinte proposta de adjudicación, de conformidade co disposto no artigo 159.4 f) da LCSP e o artigo 13 do PCAP, á Xunta de Goberno Local, condicionada á fiscalización favorable da Intervención municipal:

“Adjudicar a CA Totality Group SLU, titular do NIF B27748904, o procedemento aberto simplificado para a contratación da subministración de carrozas e servizos auxiliares para a cabalgata de reis 2019 do Concello de Ourense (expediente 2018022915) por un prezo total de 25.919'99€, IVE incluído, do que 21.421'48€ corresponde ao principal e 4.498'51€ ao IVE, todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este contrato tramítase ao abeiro do disposto no artigo 117.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 200.3340.22610 “actividades culturales y festivas” para o ano 2019”.

### **CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, VERIFICACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE PEZAS DE DOS EQUIPOS DE GRAN TIRADA DE COPIAS ASÍ COMO A SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMIBLES NECESARIOS (EXPEDIENTE: 2018004643)**

Lémbrase á Mesa que na reunión de 09/11/2018 acordouse:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de conservación, reparación, verificación e substitución de pezas de dous equipos de gran tirada de copias así como a subministración de consumibles necesarios (núm. de expediente: 2018004643) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	ECR 2000 EQUIPOS DE OFICINA S.L.U.	100

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ECR 2000 EQUIPOS DE OFICINA S.L.U, para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación esixida na cláusula 15 do PCAP.

A notificación electrónica do acordo anterior púxose a disposición da empresa o 16/11/2018, entendéndose rexeitada ao non acceder á información dentro do prazo dos 10 días naturais seguintes, tal e como dispón o artigo 40.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.







Concello de  
**OURENSE**

**SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

O 5 de decembro, dentro do prazo concedido, achegouse a documentación requirida a través da plataforma de licitación Vortal, tal e como consta no expediente.

Logo do exame da documentación polos membros da Mesa acorda por unanimidade:

1. Conceder un prazo de tres días a ECR 2000 EQUIPOS DE OFICINA S.L.U para que presente a seguinte documentación recollida no artigo 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares, consonte o disposto no artigo 141.2 da LCSP:

- Copia do NIF da empresa
- Copia do NIF do representante da empresa
- Documento de bastanteo da escritura de poder emitido pola Asesoría Xurídica do Concello.

2. Solicitar de oficio ao Servizo de Xestión Tributaria municipal certificado acreditativo da inexistencia de débedas co Concello.

O Interventor municipal expón que asina a acta como membro da Mesa, con expresa reserva do trámite de fiscalización dos expedientes que proceda.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica

